



21 de Febreiro

Día da Lingua Materna

Salvando palabras

Para evitar que as palabras “vaian ao mesmo xacemento catastrófico ca as plantas e os animais extinguidos” (M. Rivas), este 21 de febreiro propoñemos unha actividade de risco.

Dado que vivimos nunha realidade multicultural, a escola debe escoitar a diversidade lingüística do estudantado e, por esta razón, imos celebrar o Día da Lingua Materna e a lingua herdada.

Como participar?

- Pretendemos reflexionar sobre as linguas da contorna do estudantado e por iso propoñemos que a comunidade escolar recorde e anote algunha palabra ou expresión en diferentes linguas, entre elas a galega, que estea presente na familia.
- Mesmo se pode pensar nunha frase célebre, un proverbio, un microrrelato ou un minipoema en calquera lingua de tradición familiar.
- Escribe a túa contribución nun posit e dálle renda solta á túa creatividade.
- Coloca as túas contribucións nun dos dous paneis da entrada da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte.
- Usa os paneis como photocalls e difunde este evento nas túas redes sociais con fotos e videos asociados ás etiquetas **#DiaDaLinguaMaterna #UNESCO #fcced**.

Coordinación da actividade

Ana Acuña Trabazo, ganime@uvigo.es

Carlos Valcárcel Riveiro, carlos.valcarcel@uvigo.es